

## PROPOSTA DA XERENCIA DE CRITERIOS PARA A EXECUCIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DO PAS LABORAL

18 de novembro de 2016

Tras a aprobación da relación de postos de traballo (RPT) do persoal laboral de administración e servizos polo Consello de Goberno o pasado 10 de outubro de 2016, cómpre establecer o procedemento para executala, considerando os seguintes como principios reitores:

- aplicar criterios xerais e obxectivos acordados coa representación do persoal
- garantir o bo funcionamento e a xestión ordinaria dos centros e unidades
- garantir no maior grao posible os dereitos do persoal en relación coa localidade, quenda e unidade do seu destino definitivo
- evitar a necesidade de concursar, mediante a asignación de destino definitivo á maior parte do persoal afectado

Con esta finalidade, para a súa negociación e acordo cos Comités de Empresa de Ourense e Pontevedra fórmulanse unha serie de criterios, de natureza obxectiva, similares aos acordados na execución de RPTs anteriores, sen prexuízo do establecido no *Acordo sobre criterios de incorporación e cesamento do persoal de administración e servizos da Universidade de Vigo derivados dos procesos de provisión e selección* (DOG do 7 de abril de 2009).

### CRITERIOS

1. Cando nunha unidade se supriman postos ou se redistribúan os efectivos, mantendo a quenda a permanencia resultará de aplicar a seguinte orde de prelación:
  - a) Persoal fixo na súa unidade de destino definitivo, considerando
    - Antigüidade na categoría na UVI
    - Antigüidade na UVI
    - Antigüidade na administración
  - b) Persoal indefinido non fixo

2. Esta mesma orde aplicarase para asignar o incremento de aperturas nocturnas nas bibliotecas.
3. Para o persoal fixo terá carácter definitivo:
  - a) O posto adxudicado consonte o establecido no apartado 1.a)
  - b) A adscrición a postos que teñan atribuído un complemento de responsabilidade ao persoal que xa o estaba a percibir.
  - c) Os postos dos Centros de Apoio á Investigación cuxas categorías modifiquen a súa denominación.
4. Para o persoal fixo terá carácter provisional:
  - a) A adscrición a postos que deban proverse mediante libre designación.
  - b) A adscrición a postos que teñan atribuído un complemento de responsabilidade, do persoal que non o estaba a percibir.
  - c) A adscrición a postos vacantes unha vez realizadas as adscricións definitivas.
5. A adscrición provisional realizarase, con carácter xeral, tendo en conta:
  - a) A unidade: centro, servizo, ámbito ou campus. Para estes efectos, considerarase unidade os Centros de Apoio á Investigación, a ATIC, a Oficina de I+D-SAID, as bibliotecas de campus e o Campus de Torrecedeira.

Pola súa parte, consideraranse ámbitos, os seguintes: Campus de Ourense, Campus de Pontevedra, Ámbito Científico, Ámbito Tecnolóxico, Ámbito Xurídico-Social e Humanidades e Campus de Vigo, no que se encadraría o persoal on encadrado nos anteriores.
  - b) A localidade.
6. A incorporación do posto á RPT implicará a modificación da modalidade do correspondente contrato.